

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26/05/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE**

**José Marcote Suárez**

#### **TTES. DE ALCALDE**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

#### **SECRETARIO**

José Ramón Lema Fuentes

### **ASUNTOS**

**1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**

**2º.- Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **26/05/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

**1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 12 de Maio de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

**3º Asuntos varios.-**

### **SERVIZOS DE LIMPEZA**

Como consecuencia da Adxudicación definitiva en expediente de contratación mediante procedemento negociado para prestación de servizos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

- 1) Prorrogar por un periodo de seis meses comprendido entre o día 4 de Xullo de 2016 ó 3 de Xaneiro de 2017 o Contrato Administrativo formalizado no seu día por esta Corporación coa Empresa German José Lema Amigo e domicilio en Sardiñeiro de Abaixo para seguir prestando os Servizos de Limpeza nas Depedencias Públicas que se indican:**

<b>Colexio Público Mar de Fora</b>
<b>Albergue de Peregrinos</b>
<b>Escola Infantil</b>
<b>Pavillón Polideportivo</b>
<b>Mercado Municipal</b>

Por un importe de Vinte e tres mil catrocentos noventa e nove euros con oitenta e dous céntimos (23.499,82 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Catro mil novecentos trinta e catro euros con noventa e seis céntimos ( 4.934,96 € ) todo elo de conformidade co disposto no Artigo 303 do Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e por quedar acreditada a existencia de consignación presupostaria.-

2) Notificar dito acordo a citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos e publíquese anuncio no Boletín Oficial da Provincia.-"

### **SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS**

Como consecuencia da adxudicación definitiva en expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade obrigatoria para prestación de servizos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Prorrogar polo periodo de Un Ano mais, ata ó 30 de Xullo de 2017, o contrato administrativo formalizado por esta Corporación coa Empresa **Búa Construcciones y Servicios S.L.**, con CIF B70355615, domicilio social na localidade de Senra-Bustelo do Termo Municipal de Dumbria (CP 15152 ) e que remata o día 30 de Xullo de 2016 para seguir prestando os servizos de **Mantenemento e conservación das estacións depuradoras de augas residuais ( principal ) sitas na zona de Mar de Fora e da localidade de Denle neste Termo Municipal asi como da rede municipal de sumidoiros** por un importe de Cincuenta e nove mil oitocentos euros (59.800,00 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Cinco mil novecentos oitenta euros (5.980,00 € ), todo elo de conformidade co disposto no Artigo 303 do Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro do Texto refundido da Lei de Control do Sector Público..-

2) Notificar dito acordo a citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos e publíquese anuncio no Boletín Oficial da Provincia.-

### **URBANISMO**

G) Vista a comunicación efectuada a esta Corporación por parte de Angelika Bender, sobre Cambio de titularidade da **licencia urbanística outorgada mediante Resolución da Alcaldía de 18 de Decembro de 2014 ratificada pola**

**Xunta de Goberno na sesión do 26 Xaneiro de 2015 en favor do seu esposo Christopher John Nawrat para construción dunha vivenda unifamiliar composta de planta semisoto, planta baixa e planta primeira a emprazar nunha parcela sita na localidade de A Insua desta Vila, debendo adaptarse na súa totalidade ao Proxecto Básico de data Agosto de 2014 e o de Execución redactado polo arquitecto Juan Bautista Alborés Tajés, Colexiado número 3125 visado con data 10/12/2014 que consta no expediente; o seu favor por falecemento do seu esposo.-**

**Deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes entende Transmitida dita Licencia urbanística en favor de Angelika Bender, quedando suxeita a nova Titular ó cumprimento de todos e cantos condicionamentos aparecen sinalados na mesma, todo elo de conformidade co previsto no Artigo 13 do citado Regulamento.-**

### **SERVIZOS SOCIAIS**

**Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. E. P., veciña de Fisterra, unha axuda económica por importe de Trescentos euros ( 300,00 € ) para gastos de primeira necesidade ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

**Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. M. I., veciña de Fisterra, unha axuda económica por importe de Cincocentos corenta e un euros con sesenta céntimos ( 541,60 € ) para gastos de habitabilidade na vivenda de residencia habitual, equivalente ao 80% do Presuposto total presentado que ascende a 677,00 € e suscrito por Contratista que consta no expediente, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

**Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. M. N. A., veciña de Fisterra, unha axuda económica por importe de Douscentos dezasete euros ( 217,00 € ) para adquisición de gafas con destino propio e do seu fillo, debendo presentar Factura xustificativa dos gastos efectuados, todo elo por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

**E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:45 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**